XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

ANTEPROXECTO DA LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA

CVE: 8WIDMcwEk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN

O obxecto da presente memoria é xustificar a incidencia económica da regulación proposta no anteproxecto de Lei de Residuos e solos contaminados de Galicia, avaliando adecuadamente os custes que a proposta poida representar e considerando as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.

Co seu contido, dáse cumprimento ao esixido nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo decreto 111/1984, do 25 de maio, así como no artigo 12.1 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e no apartado terceiro do artigo único da Orde do 3 de marzo de 2011, sobre a documentación esixida da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, por parte da Xunta de Galicia.

O contido adáptase ao sinalado no anexo II da Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.

2. INTRODUCIÓN

Entre outras materias de competencia exclusiva, a Constitución Española atribúe ao Estado as relativas á lexislación básica sobre a protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección.

A Comunidade autónoma de Galicia asumiu, a través do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do ambiente, en virtude da cal vén ditando normas específicas sobre a produción e a xestión de residuos. Tal foi o caso da aprobación, no seu día, da *Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia*, que constituíu a norma marco de referencia en materia ambiental, así como a aprobación máis adiante da *Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia*, xustificada pola necesidade de completar o marco xurídico xa existente, regulando, de conformidade co disposto na normativa básica aprobada nos últimos anos, a produción e xestión de residuos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE: 8WIDMcwEk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No tempo transcorrido desde a publicación desta lei galega de residuos os cambios experimentados foron importantes, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo, tras a entrada en vigor de novas normas no ámbito comunitario e estatal que inciden de maneira directa sobre a normativa autonómica, o que xustifica a necesidade de actualizar, modificar e completar o marco xurídico existente ata a actualidade na comunidade autónoma galega.

Así, no ámbito comunitario, a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas integrándoas nunha única norma (denominada en diante "Directiva marco de residuos") estableceu o marco xurídico da Unión Europea para a xestión dos residuos, proporcionando instrumentos que permitan disociar a relación existente entre crecemento económico e produción de residuos, facendo fincapé na prevención, incorporando o principio de xerarquía na produción e xestión de residuos, aspirando a transformar a Unión Europea nunha "sociedade da reciclaxe" e introducindo conceptos tan importantes como son o fin de condición de residuo e a declaración de subproduto.

Posteriormente, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, traspuxo ao ordenamento estatal a Directiva marco de residuos. Esta lei, que ten carácter de lexislación básica, incorpora todas as novidades introducidas pola normativa europea e, coa finalidade de simplificar as cargas administrativas sobre os operadores, substitúe parte das autorizacións existentes na lei anterior por comunicacións.

Así, entre os obxectivos propostos coa elaboración da nova lei de residuos e solos contaminados de Galicia, está actualizar o texto adaptándoo á normativa básica, introducindo elementos novos e mantendo outros que se modifiquen parcial ou totalmente.

3. ESTUDO ECONÓMICO

O anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia ten como finalidade introducir os preceptos importantes da normativa comunitaria e estatal, que, por ser aplicables ao noso territorio desde a súa entrada en vigor, xa estaban implantados, polo que a súa repercusión económica e financeira para cada unha das administracións que conforman o seu ámbito de aplicación é esencialmente irrelevante.

Tampouco se están a crear novas atribucións ou funcións coa entidade suficiente como para requirir a dotación de novos medios humanos ou materiais para o seu exercicio.

CVE: 8WIDMcwEk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Así, as previsións e modificacións que esta Lei de residuos e solos contaminados de Galicia introduce respecto á Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia non teñen repercusións económicas para ningunha das administracións afectadas, ou sexa, para os concellos da Administración local e para a Consellería competente en materia de calidade ambiental, dado que non implican un incremento do gasto público.

3.1. Instrumentos das políticas de residuos

Respecto aos instrumentos das políticas de residuos que se recollen no título I do Anteproxecto de Lei, tanto os Plans de Xestión e os Programas de Prevención de Residuos a nivel autonómico, como os mecanismos de seguimento e control, así como o cumprimento dos seus obxectivos e os supostos de revisión, son actuacións que xa se están a desenvolver na actualidade, polo que non implicarán un incremento do gasto público.

3.2. Réxime de intervención administrativa da produción e xestión de residuos

Aínda que o réxime de intervención administrativa de todas as actividades relacionadas coa produción e xestión de residuos, incluídas as levadas a cabo polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, recollido no capítulo II do Título II "Da produción, posesión e xestión de residuos", é modificado con respecto ao establecido na Lei 10/2008, de residuos de Galicia, non introduce novidades ao respecto do que actualmente se está a desenvolver por aplicación da normativa básica estatal.

Polo que os gastos de tramitación dos expedientes de autorización e comunicación non se verán incrementados.

3.3. Réxime xurídico do traslado de residuos

O Anteproxecto de Lei, regula no seu título II, capítulo III os requisitos básicos a cumprir en todos os traslados de residuos realizados dentro do territorio autonómico e, aínda que derroga o Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade de residuos e fai referencia á existencia da plataforma electrónica que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon a disposición dos produtores e xestores con instalacións na comunidade autónoma de Galicia para permitir e facilitar o cumprimento das súas obrigacións na materia, tanto respecto dos movementos realizados dentro da comunidade autónoma como respecto dos movementos realizados entre comunidades autónomas, non implica un incremento do gasto público.

CVE: 8WIDMcwEk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.4. Fomento da redución do desperdicio alimentario

Respecto ás medidas para reducir o desperdicio alimentario, reguladas no Título IV "Da xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais" do anteproxecto de Lei, trátanse de actuacións encamiñadas ao fomento da redución da xeración do desperdicio alimentario na produción primaria, na transformación e fabricación, de venda comerciante polo miúdo e outros tipos de distribución alimentaria, restaurantes e servizos alimentarios así como no fogar. Actualmente xa se están a desenvolver estas actuacións por medio da execución do vixente Plan de Xestión de residuos urbanos de Galicia, polo que non implicarán un incremento do gasto público.

3.5. Instrumentos das políticas de solos contaminados

Respecto aos instrumentos das políticas de solos que se recollen no capítulo IV do título VII do Anteproxecto de Lei, non supoñen cambios relevantes con respecto ao que se está desenvolvendo na actualidade, polo que non implicarán un incremento do gasto público.

3.6. Fomento, promoción e difusión

Respecto ás medidas de promoción e difusión para alcanzar os obxectivos da Lei, que comprenden subvencións, axudas económicas, incentivos, así como campañas de formación e concienciación, acordos e convenios, que se recollen no do Título VIII do Anteproxecto de Lei, trátase de medidas que xa se están a desenvolver na actualidade, polo que non implicarán un incremento do gasto público.

3.7. Inspeccións

Para a realización das inspeccións previstas neste Anteproxecto de Lei, reguladas no capítulo I do Título IX "Responsabilidade, vixilancia, inspección e control" non será preciso incrementar os medios persoais que na actualidade se ocupan destas funcións, polo que non implicará un incremento do gasto público.

3.8. Réxime sancionador

A aplicación do réxime sancionador recollido no capítulo II do Título IX "Responsabilidade, vixilancia, inspección e control" deste Anteproxecto de Lei, non suporá cambios significativos ao respecto do actualmente aplicado que é o réxime sancionador contemplado na normativa básica estatal, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Polo que non se prevén modificacións no orzamento público.

CVE: 8WIDMcwEk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.9. Rexistros

Respecto ao Rexistro Administrativo da Calidade do Solo de Galicia previsto no artigo 67, así como ao Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de residuos de Galicia previsto no Anteproxecto de Lei, sinalar que xa foron creados por normativa anterior e non precisarán incrementar os medios persoais para o seu mantemento, polo que non implicarán un incremento do gasto público.

3.10. Taxas

Non existen ningún novo suposto susceptible de xerar novas taxas ao respecto das tramitacións dos expedientes de autorización e comunicación das actividades de xestión e produción de residuos, nin dos expedientes de solos contaminados.

4. CONCLUSIÓNS

Conforme co exposto considerase que o contido desta Memoria económico-financeira xustifica a incidencia económica dos principais cambios que se pretenden introducir nesta Lei de residuos e solos contaminados de Galicia en relación coa Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, concluíndo que non implicará un incremento do gasto público respecto aos medios previstos para o exercicio destas competencias nos actuais orzamentos.

En consecuencia, dáse cumprimento ao esixido nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo decreto 111/1984, do 25 de maio (DOG nº141, do 24 de xullo de 1984), no artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de de decembro (DOG nº 250, do 30 decembro 2010) e no apartado terceiro do artigo único e no anexo II da Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, respecto á documentación esixida para a elaboración dun Anteproxecto de Lei.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: FERREIRA COSTA, MARIA CRUZ
Cargo: Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Data e hora: 15/02/2019 12:23:43

CVE: 8WIDMcwEk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve